

## UNHA APROXIMACIÓN Á EMIGRACIÓN NA BISBARRA DE BERGANTIÑOS A MEDIADOS DO SÉCULO XIX

Alberte Martínez López

Non cabe dúbida que a emigración, xunto co agrarismo a nivel social e o galeguismo na esfera política, representa un dos aspectos máis salientables da historia contemporánea de Galicia. Xa que logo, ten estimulado a realización dunha ampla gama de estudos<sup>1</sup>. A meirande parte deles téñense centrado na etapa estatística e de emigración masiva, é dicir, entre 1880 e 1930, pois a existencia de fontes oficiais permite un achegamento global e cuantitativo. Porén, o noso coñecemento respecto á etapa preestatística amosa serias eivas derivadas da escaseza e/ou espallamento das fontes e o grande esforzo de traballo que require a súa explotación. De aí que o pouco que se ten feito neste aspecto ata o de agora se manifeste nalgunhas calas de carácter municipal<sup>2</sup>.

Por outra banda, e a pesar do relativo descrédito, cando menos ata non hai moito tempo, dos estudos a escala microxeográfica, coidamos que en moitos aspectos da historia galega, cunha vida local tan intensa e complexa, e en especial neste da emigración, a observación dun fenómeno nun marco territorial reducido permite entendelo moito mellor.

Neste caso, pois, o que presentamos é unha aproximación (que non estudo exhaustivo, de difícil asunción individual) ás características da emigración na zona de Bergantiños durante o terceiro cuarto do século XIX, é dicir, xustamente antes do inicio dos rexistros oficiais de emigrantes. As fontes manexadas foron de dous tipos fundamentalmente: unha de carácter directo, o libro rexistro de pasaxeiros dunha empresa naval coa área de actividade centrada nesa bisbarra<sup>3</sup>, e outras fontes de tipo local, basicamente padróns

1. Eiras e Rey (1992), Rodríguez Galdo (1995), López Taboada (1993), Vázquez (1996) e Villares e Fernández (1996). Dende unha perspectiva máis ampla, de ámbito español e internacional, ver Hatton & Williamson (1998), Sánchez (1995) e Yáñez (1994). Sobre a evolución xeral da poboación a longo prazo, López Taboada (1996).

2. Varios estudos deste tipo en Eiras (ed.) (1992).

3. Trátase da Casa de Comercio Fernández Hermanos, con sede en Ferrol e sucursal na Coruña. O seu *Libro Registro de Pasaxeros* está datado entre 1858 e 1867 e inclúe información nominativa de máis de dous mil viaxeiros.

municipais e contribución territorial. Finalmente, manexouse tamén unha fonte directa e local, a solicitude de permisos de embarque no concello de Ponteceso, pero situada cronoloxicamente no final do ciclo (ó redor de 1930) para comproba-lo grao de permanencia dalgúns trazos da emigración local.

Comezaremos por analiza-lo transporte de emigrantes realizado pola devandita Casa Fernández a mediados do XIX. Como se pode observar no mapa nº. 1, existe unha marcada concentración dos efectivos no litoral coruñés entre Estaca de Bares e Fisterra, en consonancia co predominio da Galicia occidental na subministración de emigrantes durante esta etapa. Esa zona, sintomaticamente, é a que amosa unha taxa máis elevada da medra demográfica de toda a provincia coruñesa<sup>4</sup>. Dentro desa predilección pola franxa marítima prodúcese unha fortísima concentración<sup>5</sup> entre A Coruña e Cabana, que coincide basicamente coa comarca de Bergantiños, con centro na vila de Carballo, de modo que nada menos que o 78,8% (1.745 persoas) do total de emigrantes de procedencia coñecida saíron de só oito concellos desa zona. De entre estes concellos seleccionámo-los tres con maior número de emigrantes (Carballo, Ponteceso e Malpica), que ademais son limítrofes. Reúnen un total de 1.106 pasaxeiros, que representan a elevada cifra do 49,9% do total. Vemos (mapa nº. 2) tamén como a emigración ten un pronunciado compoñente parroquial, posto que existe unha marcada polarización do fenómeno nalgunhas destas entidades de poboación fronte á inexistencia do fenómeno noutras. Aínda que con excepcións, as maiores densidades migratorias tenden a concentrarse nas chairas costeiras; con cifras medias figura a feraz conca do río Anllóns ou Baixa de Bergantiños, zona de elevada densidade demográfica; finalmente, a emigración parece ser escasa na Alta de Bergantiños, área montañosa de baixa densidade de poboación, o cal parece suxerir que nesta fase a proximidade ó mar, como modo de transporte e fonte de información, desempeña un papel significativo, en contraste co illamento das zonas de montaña<sup>6</sup>.

Podemos tratar de afondar algo máis na procedencia territorial dos emigrantes, detallándoa cronoloxicamente segundo as expedicións (táboa 1), para tratar de observar como é a evolución secuencial e como se artellan as cadeas migratorias. Vemos como, en xeral, as primeiras expedicións proceden

4. Entre 1752 e 1860 medra a un ritmo dun 5-15 por mil anual, situándose nos tres primeiros postos nunha escala de 9 grupos. O partido xudicial de Carballo figura en 3º lugar cun 5 por mil anual, Bouhier (1979: 1461).

5. Nos catro buques analizados por Vázquez (1992: 516-519), pertencentes ó período 1881-1921, non aparece tan marcada esta concentración xeográfica. Isto quizais estea en relación co predominio dunha emigración masiva nesas datas e a meirande difusión da información.

6. De tódolos xeitos, o feito de tratarse de concellos costeiros relativiza moito este posible contraste. Unha clasificación territorial desta comarca de Bergantiños en Nogueira (1998: 29-30).

dun número menor de parroquias e a meirande parte dos pasaxeiros residen nun núcleo basicamente litoral delimitado polas parroquias de Rebordelos, Nemeño, Mens e Cerqueda<sup>7</sup>. Este foco emisor estaría en relación coas maiores posibilidades de acceso á información por mor do seu carácter marítimo e da actuación do comisionado Domingo Rama no mesmo epicentro dese foco, Buño. En suma, este xermolo procedería basicamente da rede inicial deste comisionado. A partir dese foco o proceso migratorio espallárase por un maior número de parroquias, principalmente na conca do Anllóns, con maior intensidade nas máis achegadas ó núcleo orixinario, como Oza e Noicela.

Podemos agora centrármonos naquelas parroquias con meirande número de emigrantes (Buño e Nemeño) para analizar a nivel micro as pautas migratorias. Nestas parroquias, a saída de pasaxeiros ten un carácter concentrado e mesmo case explosivo, pois en só tres expedicións sucesivas, e ó principio do período, marcha case totalidade dos emigrantes, e nunha soa expedición algo máis da metade. Con todo, iso non significa que estes fosen os primeiros emigrantes da parroquia, pois a detección, en bastantes casos, de fiadores en Montevideo amosa a existencia dunha cadea migratoria previa<sup>8</sup>. Boa parte das persoas emigran en grupo<sup>9</sup>, familiar ou veciñal, e esta é tamén a procedencia maioritaria dos seus fiadores<sup>10</sup>. A humilde posición social destes emigrantes vese confirmada, ademais de pola elevada frecuencia do recurso a un fiador, polo feito de que practicamente a totalidade deles viaxa en proa. Danse tamén unha serie de casos en que figuran parentes en sucesivas expedicións, o que parece un indicador dunha cadea migratoria, aínda que o reducido período abranguido, as limitacións da fonte e a ausencia doutras fontes complementarias impiden maiores precisións.

7. Non tivemos en conta os emigrantes que figuran como procedentes de Carballo e Ponteceso, pois non está claro se se trata de referencia local/parroquial ou municipal.

8. Algúns fiadores ultramarinos avalan un número relativamente elevado de emigrantes. Destaca, no caso de Ramón Montenegro, o feito de que algo máis da metade dos fiados sexan mulleres, o que pode indicar unha certa especialización na colocación no servizo doméstico, por exemplo.

9. Vázquez (1992: 502) salienta como nas Listas de Embarque de Emigrantes resulta frecuente atoparse con grupos de emigrantes, oriúndos da mesma parroquia.

10. De parroquias veciñas, máis que da propia, aínda que en todo caso maioritariamente parentes, o que amosa que o nexo solidario máis forte é o sanguíneo, seguido do veciñal. Nunha serie de casos actúa como apoio do fiador o mariñeiro da fragata Francisco Álvarez, que aparece case unicamente apoiando pasaxeiros de Nemeño, o que suxire relación de veciñanza parroquial e indirectamente axudaría a entende-lo elevado número de emigrantes desa parroquia.

Unha aproximación á emigración...

Táboa 1  
Pasaxeiros dos concellos de Carballo,  
Malpica e Ponteceso por expedición

Parroquias	Expedicións <sup>11</sup>								
	C1	C2	P1	C3	C6	A3	C9	C10	TOTAL
Carballo (Ardaña)								1	1
Carballo (Artes)							1		1
Carballo (Berdillo)	1				3		1	3	8
Carballo (Bértoa)	4			2		1	13	3	23
Carballo (Cances)	8			1		1	11	5	26
Carballo (Carballo)	14	43	12	60	2	5	1	4	141
Carballo (Goiáns)	1						9	1	11
Carballo (Lema)	2			1	4	3	4	5	19
Carballo (Noicela)		1		2	6	15	13	14	51
Carballo (Oza)	1			7			22	27	57
Carballo (Razo)	22	1		7	12	9	6	5	62
Carballo (Rebordelos)	4				3	3	4	4	18
Carballo (Sisamo)	7				2	3	5	13	30
Carballo (Sofán)	4				1			9	14
Carballo (Vilela)				1		1		1	3
Malpica (Barizo)	2				4	2		2	10
Malpica (Buño)	2	51	23	16	3	4		3	102
Malpica (Cambre)	10			1	1	3			15
Malpica (Cerqueda)	20			1	1	14	4	5	45
Malpica (Leiloio)	20			4	1	6		3	34
Malpica (Malpica)	4			4	5	4	3	11	31
Malpica (Mens)	27				6	2		1	36
Malpica (Vilanova)	7						3	11	21
Ponteceso (Anllóns)	4			7		2	1	13	27
Ponteceso (Brantuas)				3			3		6
Ponteceso (Cores)	9				6	4		2	21
Ponteceso (Corme)				4		2	7	5	18
Ponteceso (Cospindo)	1			2			3	4	10
Ponteceso (A Graña)	1	2				1		3	7
Ponteceso (Langueirón)	6					15	2	4	27
Ponteceso (Nemeño)	1	68	14	25	6	7	1		122
Ponteceso (Niñóns)	4				2	1		1	8
Ponteceso (Pazos)	5					2		4	11
Ponteceso (Ponteceso)	2	31	8	6	6			1	54
Ponteceso (Tallo)	7			3		1		2	13
Ponteceso (Xornes)				2	6	9	1	5	23
TOTAL	200	197	57	159	80	120	118	175	1.106
Parroquias con emigrantes	29	7	4	21	20	26	22	32	36

Fonte: Arquivo Casa Fernández Hermanos, *Libro Registro de Pasaxeros*, 1858-1867.

11. As siglas fan referencia ó navío (C=Paloma de Cantabria, P=Paco e A=Aquilino) e ó número da expedición, que figuran en sucesión cronolóxica.



O destino das expedicións é sempre Montevideo e Bos Aires, sen que se estableza distinción, o que contrasta co predominio na provincia coruñesa da emigración a Cuba, fenómeno inverso ó que sucede en Pontevedra, debido á situación xeográfica<sup>12</sup>.

O groso dos emigrantes (o 67,4%) necesitaba o concurso dunha persoa que avalase o pago da pasaxe, o cal reforza a idea da relativa baixa extracción social deste colectivo, en correspondencia con esta primeira fase do fluxo migratorio, caracterizada por un prezo aínda elevado da pasaxe e o predominio dunha emigración de expulsión máis que de atracción. Pero, ¿quen eran estes fiadores? O número de fiadores é moi elevado<sup>13</sup> e a inmensa maioría fielle a un só emigrante (media de 1,5), é dicir, estamos diante dunha extrema da atomización e modestia das garantías establecidas<sup>14</sup>. Se analizámo-la procedencia xeográfica destes apréciase unha total similitude coa procedencia dos emigrantes, non só no ámbito municipal (comparar mapas 1 e 3), senón tamén parroquial (mapas 2 e 4), de modo que no 69,5% dos emigrantes con fiador, ambos, emigrante e fiador, residen no mesmo concello e o 54,1% na mesma parroquia.

## AS CAUSAS DA EMIGRACIÓN

Unha vez efectuada a descrición da distribución dos emigrantes ata a escala parroquial convén tratar de explica-las posibles razóns desta. A emigración é un fenómeno sumamente complexo e, xa que logo, dificilmente reducible na súa etiología a enfoques meramente economicistas. Blanca Sánchez (1995) dedicoulle un libro a esta cuestión, rebatendo ou matizando algúns dos tópicos habituais. Salienta esta autora a maior correlación nas fluctuacións migratorias coa evolución da actividade económica dos países receptores máis que dos emisores. Rexeita a importancia que se lle atribúe á presión demográfica e á porcentaxe de poboación agraria. Concédelle maior significación á dispoñibilidade por parte do emigrante en potencia de certa capacidade financeira, nivel educativo e canais de información.

Máis recentemente Hatton & Williamson (1998: 32-58) trataron tamén de contestar estes interrogantes elaborando un modelo econométrico para un

12. As diferencias non son, sen embargo, tan pronunciadas; en 1885-1895 o 51,4% dos emigrantes coruñeses desprázase a Cuba e o 42,6% a Arxentina e Uruguai, Eiras e Rey (1992: 233); estes mesmos autores subliñan que os emigrantes de Bergantiños tenden a ir cara a Uruguai (ídem: 232).

13. Arredor do millar para o total da mostra. Dos 3.571 emigrantes recompilados por Vázquez (1985) para eses anos, o 60% necesitou fiador, xeralmente os seus pais.

14. En bastantes casos detállase ademais que o fiador só cobre determinada cantidade da débeda.

conxunto de doce países europeos durante o período 1850-1913, dividido en décadas. A variable dependente adoptada foi a taxa decenal bruta de emigración. As variables explicativas manexadas son cinco: o diferencial entre os salarios reais do país emisor e receptor, a medra vexetativa de vinte anos antes, a porcentaxe de poboación activa agrícola masculina, o stock de emigrantes que residen no estranxeiro ó inicio do decenio e a propia variable dependente, a taxa de emigración, da década anterior. Sinteticamente os resultados amosan o seguinte: o diferencial salarial e a medra vexetativa previa<sup>15</sup> teñen unha grande influencia na emigración; a emigración tamén aumenta cando decae o emprego agrícola, é dicir, cando se está producindo a industrialización, en canto que esta favorece a mobilidade laboral, aínda que este impacto é feble. Finalmente, conséntase unha marcada evidencia da persistencia das taxas de emigración como reflexo das cadeas migratorias, manifestadas na taxa previa de emigración e no stock de emigrantes<sup>16</sup>.

Naturalmente, o noso estudo non pretende ser extrapolable ó conxunto de Galicia e a escasa información dispoñible fai difícil validar esas interpretacións. Limitarémonos nas páxinas seguintes a tratar de contrastar aquelas hipóteses expostas máis susceptibles de seren analizadas no marco local, como poden se-la presión demográfica, a extracción socioeconómica dos emigrantes, así como o seu nivel de instrución e de información.

O acceso á información coidamos que constitúe un importante factor que ter en conta, que se vería facilitado pola proximidade ós portos de embarque, polo carácter litoral desta zona migratoria e pola persistencia de cadeas migratorias que se remontan a mediados do século XVIII<sup>17</sup> e que supoñen unha fonte de información, financiamento e expectativas (percepción subxectiva da “privación relativa”, Sánchez, 1995) para os potenciais emigrantes. Dentro deste apartado do acceso á información habería que colocar a existencia de redes de recrutamento de emigrantes realizadas polos denominados “comisionados”. A pesar do carácter fragmentario da información

15. Directamente, pola súa incidencia no incremento do principal grupo de idade de emigración, máis que dun modo indirecto por un descenso dos niveis salariais e/ou pola medra do desemprego.

16. O atraso na emigración masiva por parte dos países mediterráneos atribúeselle ó impacto da súa industrialización serodia. España constituiría outra vez, como na tipoloxía de Adelman e Taft-Morris, unha excepción consistente no atraso na súa transición demográfica, que se vería substituída como motor da emigración polo fracaso da súa industrialización, que se traduciría nun ensanchamento das diferencias salariais a ámbalas beiras do Atlántico.

17. Rodríguez Galdo (1995: 50-58). A notable presenza militar galega a finais da época colonial en Arxentina puido ser un dos elementos de arranque destas cadeas, Eiras e Rey (1992: 230). No mapa que detalla a orixe de inmigrantes galegos en Bos Aires en 1855, Rodríguez Galdo (1993: 125), apréciase unha relativa importancia da bisbarra de Bergantiños.

sobre eles, cremos que resulta significativo do seu papel o feito de que, na única expedición en que figuran datos ó respecto<sup>18</sup>, os emigrantes remitidos por estes axentes representan o 45,2% da pasaxe e que, dos dez comisionados que actúan no nome da empresa (sete se descontámo-los tres de residencia urbana), catro residían nos tres concellos con meirande número de emigrantes, na bisbarra de Bergantiños obxecto do noso estudio (táboa 2).

Táboa 2  
Nome e residencia dos comisionados

Nome	Residencia	Nº. Viaxeiros	Residencia común*
Pondal, Cesario	Ponteceso	8	8
Rama, Domingo	Malpica (Buño)	69	25
Rodríguez Silva, José	Carballo	47	38
Varela, D. Antonio	Ponteceso (Nemeño)	71	19
Nº. Total		195	90
*Concello común a comisionado e viaxeiro enviado por aquel			

Fonte: ver táboa 1.

A súa actuación como recrutadores de emigrantes pode axudar a explicar esa elevada concentración na procedencia territorial destes, fenómeno comprobado noutros casos (Vázquez, 1985). As súas redes de captación teñen un ámbito xeográfico moi reducido, xeralmente limitado ó propio concello de residencia e ás parroquias limítrofes (ver táboa 2)<sup>19</sup>, o que volve destaca-la importancia dos nexos locais, aínda que, como cabería esperar, estes son máis xeneralizados, acentuados e próximos entre os emigrantes e os seus fiadores que entre os pasaxeiros e os seus comisionados. Podemos apreciar (táboa 3) como a penas existe competencia no recrutamento, a pesar da proximidade das redes, e cando existe adoita ter lugar nas parroquias de intersección das redes. Probablemente estes comisionados dispuxesen de contactos nas parroquias para canalizar e estimula-la emigración a través da súa rede.

18. A primeira. Aínda que nas posteriores expedicións non figuren datos sobre emigrantes remitidos por medio de comisionados, os copiadores de cartas reflicten unha intensa actividade destes intermediarios, que tamén actuaban como tales no ámbito comercial.

19. A coincidencia parroquial é bastante escasa, pois dos 90 casos de residencia no mesmo concello, só en 9 ocasións a parroquia era a mesma.

Unha aproximación á emigración...

Táboa 3  
Procedencia dos pasaxeiros embarcados mediante comisionados

Parroquia/comisionado	José Rodríguez Silva	Domingo Rama	Antonio Varela
Carballo (Berdillo)	1		
Carballo (Bértoa)	4		
Carballo (Cances)	8		
Carballo (Carballo)	9		
Carballo (Goiáns)	1		
Carballo (Lema)	1	1	
Carballo (Razo)		22	
Carballo (Rebordelos)	3		
Carballo (Sisamo)	7		
Carballo (Sofán)	4		
Coristanco (Castro)	2		
Coristanco (Cereo)		3	
Coristanco (Oca)	3		
Malpica (Barizo)			2
Malpica (Buño)		2	
Malpica (Cambre)		8	
Malpica (Cerqueda)		5	12
Malpica (Leiloio)		18	2
Malpica (Malpica)			2
Malpica (Mens)			26
Malpica (Vilanova)			7
Ponteceso (Anllóns)			1
Ponteceso (Cores)			9
Ponteceso (Cospindo)			1
Ponteceso (Langueirón)		5	1
Ponteceso (Niñóns)			4
Ponteceso (Pazos)		5	
Ponteceso (Tallo)			3

Fonte: ver táboa 1.

O pouco que sabemos da adscrición profesional dalgúns destes comisionados é que pertencían a un xermolo de burguesía vilega comercial e de negocios, con actividades diversificadas e estreitas conexións co poder político local<sup>20</sup>. Noutros casos trátase de individuos que actúan de captadores de

20. Así, por exemplo, Cesario Pondal Abente, irmán do escritor Eduardo Pondal, procedía dunha familia entre a fidalguía e a burguesía vilega. O seu pai, Juan Pondal, adquiriu unha



emigrantes no seu contorno próximo e cun perfil socioeconómico que parece identificarse co de labrego acomodado, cabeza de familia de idade madura e quizais antigo emigrante<sup>21</sup>.

## TRAZOS DOS EMIGRANTES DE BERGANTIÑOS

A importancia das cadeas migratorias e dos mecanismos microsociais para entender máis acidamente os fenómenos migratorios, en especial o galego, foi reivindicada nos últimos anos (Vázquez, 1992, Villares e Fernández, 1996). No caso que nos ocupa estamos vendo como a orixe parroquial compartida de moitos emigrantes, a súa propia viaxe en grupo, o destino común ou o apoio financeiro<sup>22</sup> teñen boa parte da súa explicación na existencia desa solidariedade local que traspasa o océano e se mantén ó longo do tempo.

Co gallo de afondar no coñecemento das características destes emigrantes e tendo en conta a precariedade dos datos da fonte empresarial manexada e o feito de que a maioría destes pasaxeiros procedía de tres concellos (Carballo, Malpica e Ponteceso), consultamos diversa documentación dos devanditos concellos (padróns municipais e contribución territorial) do

certa fortuna en América e construíu un peirao en Ponteceso para os barcos que empregaba no comercio americano. Participaba tamén, coa familia da súa muller, no negocio do sal, fundou un banco e foi deputado provincial e encargado das estradas. O seu fillo Cesáreo, morto en 1897, proseguíu coas actividades paternas, foi alcalde e agrupou no núcleo de Ponteceso toda a actividade do concello: feira, notaría, alfándega, casa do Concello, etc. A súa irmá Josefa, de profesión os seus labores, aparece na nosa lista como fiadora de emigrantes; vid Ferreiro, Manuel (1991): *Pondal: do dandysmo á loucura*, Noia, Laiovento, pp. 11-14. Sobre a formación de cadeas migratorias especificamente mercantís, Soldevilla (1999).

21. Esta extracción social, relativamente acomodada, do campesiñado medio ou rico parece desprenderse do uso do "don" en varios destes comisionados, uso que adoita reservarse para propietarios e labregos cabezas de familia nos padróns municipais da zona e da época consultadas. É o caso, por exemplo, de Domingo Rama, que figura no padrón de Malpica de 1852 como casado, de 53 anos e con seis fillas. En cinco casos de parroquianos actúa simultaneamente de fiador e de comisionado. Se observámo-lo intervalo interxenésico das súas fillas apréciase como en xeral oscila entre un e dous anos, salvo entre a primeira e a segunda e entre a cuarta e a quinta, que ascende a cinco anos. Quizais se correspondan con períodos de emigración do marido. De ser isto certo indicaría que algúns dos comisionados serían antigos emigrantes, a experiencia e a información dos cales servirían de elementos de enganche entre veciños e familiares. Outro trazo que reforza a boa posición económica deste comisionado é o feito de que a súa contribución territorial en 1858 sexa de 1.540 reais fronte a unha media parroquial de só 157. Outro comisionado, Antonio Varela, curiosamente non figura no padrón de habitantes de feito de Ponteceso, sección de Nemeño, do ano 1857. ¿Quizais por estar neses momentos emigrado en América? Cómpre salientar tamén a forte caída do índice de masculinidade nesa parroquia entre os 16 e os 30 anos.

22. Sobre o financiamento da emigración, Vázquez González (1985).

Unha aproximación á emigración...

período 1852-1861 e seleccionamos en cada un deles as parroquias cun maior número de emigrantes para facer viable o traballo. Os resultados expóñense nas seguintes táboas<sup>23</sup>:

Táboa 4  
Pasaxeiros da bisbarra de Bergantiños

Distribución por sexo			
	Homes	Mulleres	Total*
Número	882	393	1.275
Porcentaxe	69,2	30,8	100,0

\* Nun caso non figura o nome e, xa que logo, non se pode discerni-lo seu sexo

Fonte: ver táboa 1.

En canto á distribución por idades (táboa 5), vemos que no caso dos emigrantes existe un predominio esmagador de persoas en idade de traballar, en consonancia co carácter laboral destes movementos, sendo especialmente notoria a presenza de xente nova, pois o que se busca é conseguir un futuro. Pola contra, entre os fiadores a idade media é superior, predominando o grupo de entre 30 e 49 anos, feito que resulta lóxico pois os fiadores, para desempeña-lo seu traballo, terían que ter unha base económica que no contexto rural no que nos desenvolvemos proporcionaríao basicamente o acceso á terra.

Táboa 5

Distribución por idade									
	0-9 anos	10-19 anos	20-29 anos	30-39 anos	40-49 anos	50-59 anos	60-69 anos	70-79 anos	Total
Emigrantes	1	13	16	9	13	1	4	2	59
%	1,7	22,0	27,1	15,3	22,0	1,7	6,8	3,4	100,0
Fiadores		1	3	5	6	2	3	2	22
%		4,5	13,6	22,7	27,3	9,1	13,6	9,1	100,0

Fonte: AM Malpica e Ponteceso: *Padrón municipal* de Buño e Cerqueda (Malpica), 1852; Nemeño (Ponteceso), 1857.

23. Identificamos, nun labor prolixo, os (futuros) emigrantes nos padróns a partir da nosa relación nominal de pasaxeiros. En Buño e Cerqueda non veñen datos de profesións. Hai que ter en conta, e tivémelo para a idade, o pequeno desfasamento temporal (1 a 15 anos) entre os datos do padrón e o embarque, que pode distorsionar sobre todo o estado civil, sobrevalorando os solteiros.

En canto ó estado civil (táboa 6), os datos confirman o manifestado na táboa anterior. En efecto, o predominio da xente nova entre os emigrantes explica o celibato da maioría deles, xustamente o contrario do que acontece cos fiadores, persoas maduras e maioritariamente casadas.

Táboa 6

Estado civil				
	Solteiro/a	Casado/a	Viúvo/a	Total
Emigrantes	34	18	5	57
%	59,6	31,6	8,8	100,0
Fiadores	3	18		21
%	14,3	85,7		100,0

Fonte: ver táboa 5.

Un paso máis adiante no perfil emigratorio facilítanolo a análise da posición do emigrante no seo da unidade familiar<sup>24</sup>. Neste senso, apréciase como os emigrantes son basicamente fillos/netos pero tamén nunha proporción importante é o propio cabeza de familia o que emigra e moi rara vez o cónxuxe feminino. Vemos, pois, como as estratexias de supervivencia familiar se modulan en función da súa estrutura e necesidades, de modo que xeralmente é a algún fillo a quen se lle asigna o papel de libera-la presión demográfica intrafamiliar e contribuír asemade ó sustento dos que fican. Noutros casos, probablemente cando as criaturas son aínda cativas, é o cabeza de familia, varón por suposto, quen asume este rol mentres a nai fica ó coidado da prole.

Cousa distinta acontece cos fiadores, os cales, na maioría dos casos, son cabezas de familia ou mesmo os propios cónxuxes –seguramente neste caso cando o que emigra é o marido– pois xa temos comentado o carácter próximo, familiar ou veciñal, das garantías achegadas polos aspirantes a emigrar.

24. Unha análise do tamaño dos grupos domésticos e das estruturas familiares na Galicia interior no período 1750-1860, en Saavedra (1996: 19-34).

Unha aproximación á emigración...

Táboa 7  
Parentesco co cabeza de familia

	Fillo/a	Cabeza de familia	Neto/a	Cónxuxe	Xenro/nora	Indeterminado	Total
Emigrantes	25	19	5	4	1	5	59
%	42,4	32,2	8,5	6,8	1,7	8,5	100,0
Fiadores	5	10		6	1		22
%	22,7	45,5		27,3	4,5		100,0

Fonte: ver táboa 5.

Resulta tamén importante clarifica-la composición numérica das familias<sup>25</sup> con emigrantes en comparación coas familias sen emigrantes. Vemos como existe un contraste bastante notorio no sentido dun maior número medio de membros nas familias con emigrantes<sup>26</sup> e, sobre todo, un maior peso de familias numerosas entre estas últimas. Isto parece poñer de manifesto a existencia dunha meirande presión demográfica no seo das familias con emigrantes. En canto ás familias dos fiadores, vemos que se moven en cifras intermedias, o que podería estar en relación co feito de que proceden en parte das propias familias con emigrantes e en parte de familias sen emigrantes, de menor número de integrantes e, xa que logo, cunha posición económica algo máis desafogada, o que lles permitiría actuar como garantes.

25. Entendendo o termo "familia" en senso laxo. Sería máis axeitado falar de grupos domésticos ou "casas".

26. No conxunto galego o tamaño dos grupos domésticos é superior na antiga provincia lucense que no resto, fenómeno de carácter estrutural que parece estar en relación co predominio nesa zona da práctica hereditaria da mellora, Saavedra (1996: 19-24). Cómpre ter en conta, porén, para evitar correlacións mecánicas, que o tamaño dos grupos domésticos é menor na Galicia atlántica (ídem: 74), onde o fenómeno migratorio terá máis forza, aínda que aquí o tamaño das explotacións tamén é máis reducido. En definitiva, a existencia de presión demográfica depende non só do tamaño dos grupos domésticos senón tamén do das explotacións e mesmo da calidade da terra.

Táboa 8  
Número de integrantes da unidade familiar

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	Máis de 9	Total
Familias con emigrantes	1	5	5	8	7	4	10	4	4	2	50
%	2,0	10,0	10,0	16,0	14,0	8,0	20,0	8,0	8,0	4,0	100,0
Familias sen emigrantes	11	54	53	55	37	19	16	3	2	6	256
%	4,3	21,1	20,7	21,5	14,5	7,4	6,3	1,2	0,8	2,3	100,0
Fiadores			1	6	6	1	3	2	1	1	21
%			4,8	28,6	28,6	4,8	14,3	9,5	4,8	4,8	100,0

Fonte: ver táboa 5.

Para completa-la nosa información é útil coñece-la situación dos emigrantes fillos na cadea filial. Observamos como predomina o primoxénito; nalgúns casos, sobre todo cando o primoxénito é muller, encoméndaselle ó segundo fillo a función emigratoria dentro da estratexia de conservación da unidade familiar. Naturalmente tamén está a prol da elección do primoxénito a menor idade dos restantes irmáns e a idade temperá da aventura emigratoria.

Táboa 9  
Posición do fillo/neto, en caso de se-lo emigrante fillo/neto do cabeza de familia

Posición	1º	2º	3º	4º	5º	Total
Emigrantes	16	7	3	2	2	30
%	53,3	23,3	10,0	6,7	6,7	100,0

Fonte: ver táboa 5.

Os datos de carácter profesional son máis parcos e, xa que logo, o reducido tamaño da mostra, mínima no caso dos fiadores, aconsella prudencia nas conclusións ó respecto. Porén, coidamos que os resultados son coherentes con todo o anterior. En efecto, observamos como a condición social dos emigrantes é inferior á dos seus veciños. En especial resulta significativa a ausencia de propietarios e a meirande proporción de xornaleiros e criados. Cómpre salientar, sen embargo a inexistencia de pobres entre eles. Todo isto parece poñer de manifesto que o estrato social que nutre a emigración neses momentos é un grupo de tipo medio-baixo, que ve afectado o seu fráxil equilibrio co



Unha aproximación á emigración...

medio pola presión demográfica pero que dispón de certos recursos que lle permiten afronta-la emigración, a diferenza do estrato máis depauperado, que vería vedada esta posibilidade. No caso dos fiadores parece que teñen unha posición máis desafogada, o que precisamente lles permitiría actuar como tales. Resulta sintomático neste caso o acceso en menor ou maior grao á terra, principal fonte de garantías.

Táboa 10  
Profesión ou posición social

	Propietario	Labrego	Xornaleiro	Criado	Pobre	Outros	Total
Emigrantes		13	6	3			22
%		59,1	27,3	13,6			100,0
Total poboación	4	85	37	10	24	4	164
%	2,4	51,8	22,6	6,1	14,6	2,4	100,0
Fiadores	1	3					4
%	25,0	75,0					100,0

Fonte: AM Ponteceso: *Padrón municipal de Nemeño (Ponteceso), 1857.*

Debido ó tamaño reducido da mostra dos emigrantes transportados por Fernández Hermanos, da cal puidemos obter datos complementarios, decidimos ampliála efectuando un estudio sobre residentes no estranxeiro segundo o padrón de habitantes de dereito do concello de Carballo de 1877. A mostra, 326 persoas, neste caso xa resulta máis significativa e permitiranos ampliar e contrasta-la información obtida coas anteriores fontes. Os resultados expóñense nas seguintes táboas.

Como se pode observar, a distribución por sexos volve amosar un claro predominio viril, algo máis marcado neste caso. Con todo, a participación feminina resulta superior ó que acontece noutras bisbarras como Ortigueira e amosa unha tendencia ascendente ó longo das seguintes décadas (Rama, 1992: 126).

Táboa 11  
Distribución por sexo

	Home	Muller	Total
Número	262	64	326
Porcentaxe	80,4	19,6	100

Fonte: AM Carballo, *Padrón general de habitantes. Población de dereito en 1877.*

Na distribución por idade vemos como se trata dunha poboación nova, en idade de traballar e con ampla perspectiva temporal por diante, pois case o 90% teñen menos de 40 anos, estando case a metade entre os 20-29 anos<sup>27</sup>.

Táboa 12  
Distribución por idade

	0-9 anos	10-19 anos	20-29 anos	30-39 anos	40-49 anos	50-59 anos	60-69 anos	Total
Número	1	56	144	76	25	12	1	315
Porcentaxe	0,3	17,8	45,7	24,1	7,9	3,8	0,3	100,0
Idade media								27,5

Fonte: ver táboa 11.

En relación co punto anterior está o estado civil destes emigrantes, no que, como podería deducirse, existe un claro predominio dos solteiros, case as tres cuartas partes. Porén, hai tamén un grupo importante de casados, algo máis dun cuarto, que se corresponde probablemente cun tipo de estratexia familiar destinada a facilita-la supervivencia da familia mentres os fillos son cativos e fican ó coidado da nai; o pai emigra temporalmente ou ben o fai de xeito definitivo e a familia reagrupase posteriormente en ultramar, como xa temos observado nos nosos pasaxeiros.

Existen, pois, dous tipos de emigrantes. Por unha banda están os fillos solteiros, basicamente primoxénitos varóns pero tamén algunhas mulleres, con idades entre 16 e 29 anos, que emigran para deixar de ser unha carga e secundariamente contribuír ó sostemento da familia. Por outra banda están os homes casados, duns 30-40 anos, que emigran substancialmente para facilitar, cos seus ingresos en ultramar, a supervivencia da unidade familiar.

A incidencia da emigración nos grupos medios de idade resulta xa importante dende 1860 e apréciase na descompensación por sexos<sup>28</sup>, o que pon de manifesto que o fenómeno migratorio xa tiña bastante entidade nas décadas anteriores, como consecuencia seguramente da situación límite á que se chega pola forte medra demográfica do período 1780-1840 (Saavedra, 1996: 116-126).

27. Hai que ter en conta, ademais, que os datos non se refiren ó momento da emigración senón da recollida de datos para o padrón, o cal indica que na data de emigración esa poboación era aínda máis nova do que reflicten estes datos.

28. Entre un 8% e un 10% a prol das mulleres para o grupo de 16-50 anos, Rama (1992: 129).

Unha aproximación á emigración...

Táboa 13  
Estado civil

	Solteiro/a	Casado/a	Viúvo/a	Total
Número	224	87	1	312
Porcentaxe	71,8	27,9	0,3	100,0

Fonte: ver táboa 11.

Verbo do parentesco co cabeza de familia, resulta esmagador o predominio dos fillos, con menor importancia neste caso do cabeza de familia.

Táboa 14  
Parentesco co cabeza de familia

	Cabeza de familia	Fillo/a	Esposa	Outro	Total
Número	23	231	33	39	326
Porcentaxe	7,1	70,9	10,1	12,0	100,0

Fonte: ver táboa 11.

En canto á composición familiar, neste caso non puidemos efectuar comparacións entre familias con ou sen emigrantes, debido á escala municipal á que se realizou o estudo. No seu lugar a comparación efectuouse entre familias con emigrantes e o total de familias do concello de Carballo. O resultado amosa claramente un número maior de integrantes nas unidades familiares con residentes no estranxeiro<sup>29</sup>. Isto parece poñer de manifesto que o tipo de familia con maior propensión a emigrar é aquela sometida a unha meirande presión demográfica. A distribución de frecuencias indica que o groso das familias con emigrantes ten un tamaño relativamente grande, entre 4 e 8 membros, cun 13,6% formadas por 9 ou máis persoas<sup>30</sup>. A maiores hai que indicar que unha parte importante das familias con emigrantes reúne circunstancias difíciles, como estaren rexidas por viúvos (viúvas xeralmente) (46 casos, é dicir, o 14,1%) ou por nais solteiras (11 casos, é dicir, un 3,4%),

29. Isto maniféstase como unha constante na cala efectuada en tres parroquias do concello de Carballo entre 1887 e 1920 por Rama (1992: 125).

30. Hai que ter en conta, non obstante, que unha elevada proporción de familias (un tercio no caso das parroquias de Oza e Razo) tiña criados domésticos, que computaban como integrantes da unidade familiar. Neses casos, a pesar de incrementa-lo tamaño familiar, iso non sería indicador necesariamente dunha peor situación económica que a doutras familias de menor tamaño pero sen criados.

ademais de ser bastante frecuente a convivencia de tres xeracións e de parentes políticos, existindo tamén minusválidos nalgúns casos.

Táboa 15  
Número de membros das familias con residentes no estranxeiro

Número	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	Total
Frecuencia	8	16	33	36	41	37	24	14	8	5	3	1	226
Porcentaxe	3,5	7,1	14,6	15,9	18,1	16,4	10,6	6,2	3,5	2,2	1,3	0,4	100,0
Total de membros	16	48	132	180	246	259	192	126	80	55	36	13	1.383
Membros/familia emigrante: 6,1													
Membros/total familias: 4,3													

Fonte: ver táboa 11.

Se nos fixamos agora no número de emigrantes por familias, vemos que no 70% dos casos só existe un emigrante, o que parece poñer de manifesto, por unha banda, que a emigración se concibe xeralmente integrada nunha estratexia familiar “habitual” para a obtención de ingresos complementarios no marco da unidade familiar. Sen embargo, hai tamén que ter en conta que nun 30% dos casos existen dous ou máis emigrantes no seo familiar, o que amosa probablemente unha situación máis angustiada deses núcleos familiares e tamén a conformación dunhas cadeas migratorias intrafamiliares.

Táboa 16  
Número de emigrantes por familia

Número	1	2	3	4	5	Total
Frecuencia	158	47	13	5	3	226
Porcentaxe	69,9	20,8	5,8	2,2	1,3	100

Fonte: ver táboa 11.

Se reparamos agora no número de fillos das familias que teñen fillos na emigración vemos como a media (4 fillos) resulta lixeiramente elevada e os intervalos de maior frecuencia son os situados entre 2 e 6 fillos, destacando tamén ese 8,1% con 7 ou máis fillos. Porén, o predominio de familias con 3 ou 4 fillos parece indicar que se trata en xeral de núcleos familiares sometidos a unha certa presión demográfica pero non abafante, o que permitiría artella-la emigración como unha alternativa habitual e non como resultado extemporáneo dunha situación crítica.

Unha aproximación á emigración...

Táboa 17  
Número de fillos\*

Número	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	Total
Frecuencia	7	24	38	32	25	19	7	4	1	1	158
Porcentaxe	4,4	15,2	24,1	20,3	15,8	12,0	4,4	2,5	0,6	0,6	100,0
Fillos por intervalo	7	48	114	128	125	114	49	32	9	10	636
Media de fillos											4,0
*Das familias con fillos na emigración											

Fonte: ver táboa 11.

Se clasificámo-los fillos emigrantes por xerarquía de idades vemos como se confirma o xa visto anteriormente, é dicir, o predominio dos primoxénitos, o que ratifica o comentado no seu momento.

Táboa 18  
Número de orde de fillos

Número	1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º	Total
Frecuencia	112	74	26	11	4	3	1	231
Porcentaxe	48,5	32,0	11,3	4,8	1,7	1,3	0,4	100

Fonte: ver táboa 11.

Se matizamos un pouco o anterior e atendemos exclusivamente ós fillos varóns, observamos como se incrementa o peso dos primoxénitos<sup>31</sup>, tendo en conta o predominio da emigración masculina. No entanto, cómpre subliñar que, en case a metade dos casos, o que emigra non é o primoxénito senón outros fillos, fundamentalmente o segundo. Isto estaría quizais en relación co previsible traspaso da explotación familiar ó primoxénito dentro de sistemas de herdanza baseados na mellora e na procura de novos horizontes por parte dos segundoxénitos<sup>32</sup>.

31. Feito que habería, probablemente, que relacionar, seguindo a Chayanov (1925), cun momento crítico no ciclo biolóxico da familia labrega, aquel en que aumentan o número de bocas que hai que alimentar pero non a forza laboral na mesma medida.

32. Na provincia de Ourense predominaba a partilla, mentres que no resto de Galicia, sobre todo na montaña lucense, a mellora, feito que incidía na posibilidade de acceso ó matrimonio e condicionaba o tamaño e a estrutura dos grupos domésticos, Saavedra (1996: 39-43); Lisón (1971: 175, 182).



Táboa 19  
Número de orde de fillos varóns

Número	1º	2º	3º	4º	5º	Total
Frecuencia	83	52	9	3	1	148
Porcentaxe	56,1	35,1	6,1	2,0	0,7	100

Fonte: ver táboa 11.

Un aspecto importante, e controvertido, á hora de analiza-las motivacións dos movementos migratorios é o grao de instrucción dos emigrantes. Se tradicionalmente se consideraba que os emigrantes, ó procederen de estratos baixos da poboación, deberían ter un baixo nivel de formación, interpretacións máis recentes fan énfase na disposición dunha certa bagaxe cultural por parte dos emigrantes, en todo caso superior á media do seu contorno. Isto propiciaría tanto a súa meirande tendencia migratoria, ó dispor de maior acceso á información e ós mecanismos migratorios, como unha maior posibilidade de éxito no país de acollida. Dun xeito máis matizado poderíamos quizais dicir que o emigrante se instrúe para favorece-la súa inserción nos lugares de acollida e non tanto que o seu grao de instrucción estimule a emigración.

Para tratar de contrastar estas hipóteses témo-los datos expostos na seguinte táboa. Vemos como entre os emigrantes o nivel de instrucción<sup>33</sup>, malia ser relativamente baixo (só o 38% sabe ler e escribir), resulta claramente superior ó do conxunto da poboación municipal<sup>34</sup> (a penas un 17%). Con todo, cumpriría distinguir entre poboación masculina e feminina, pois as taxas de analfabetismo son moi diferentes segundo o sexo e, ademais, a emigración é eminentemente masculina. Tras esta importante matización, vemos como os niveis femininos de analfabetismo son moi similares entre as mulleres emigrantes e o conxunto da poboación feminina; sen embargo, entre homes, que é onde debe centrarse a comparación, o resultado segue sendo claramente favorable para os emigrantes (47% de letrados fronte ó 33,6%), aínda que naturalmente non tan marcado como cando se collen ámbolos sexos conxuntamente.

33. Sobre o ensino na Galicia da época, Costa (1989) e De Gabriel (1990).

34. Descontámo-los menores de 7 anos, para que a comparación fose máis realista e homoxénea.

Unha aproximación á emigración...

Táboa 20  
Nivel de instrucción

	Sabe ler	Non sabe ler	Total	Sabe escribir	Non sabe escribir	Total
Homes emigrantes	120	128	248	116	131	247
Porcentaxe	48,4	51,6	100,0	47,0	53,0	100,0
Mulleres emigrantes	3	60	63	1	62	63
Porcentaxe	4,8	95,2	100,0	1,6	98,4	100,0
Total emigrantes	123	188	311	117	193	310
Porcentaxe	39,5	60,5	100,0	37,7	62,3	100,0
Homes concello	1.552	2.610	4.162	1.397	2.765	4.162
Porcentaxe	37,3	62,7	100,0	33,6	66,4	100,0
Mulleres concello	314	5.032	5.346	190	5.156	5.346
Porcentaxe	5,9	94,1	100,0	3,6	96,4	100,0
Total concello	1.866	7.642	9.508	1.587	7.921	9.508
Porcentaxe	19,6	80,4	100,0	16,7	83,3	100,0

Fonte: ver táboa 11 e *Censo de poboación de 1877*.

Outro trazo básico á hora de caracteriza-los emigrantes e de explica-la etioloxía destes movementos é a súa extracción socioprofesional. Vemos no cadro seguinte que a inmensa maioría deles (83%) son xornaleiros, é dicir, un dos grupos sociais inferiores dentro da escala social rural e con maior grao de precariedade e temporalidade laboral. En segundo lugar, pero xa a gran distancia, figuran os criados domésticos (7%), outro grupo cun reducido nivel de ingreso e dificultades para constituír un núcleo familiar propio. Sen embargo, para que a análise sexa máis acaída, cómpre establecer unha comparación coa estrutura social local para comprobar ata que punto difire a composición profesional dos emigrantes da do conxunto da sociedade de onde proceden. Os resultados precisan de importantes matizacións ó respecto. En efecto, aínda que no microcosmos parroquial tamén predominan xornaleiros e criados, no caso dos emigrantes existe claramente unha maior presenza dos xornaleiros e menor dos criados. Tamén resulta significativa a moita menor proporción de labregos e a ausencia de propietarios e de pobres. En definitiva, os emigrantes proceden do estrato inferior do campesiñado, que se vería afectado pola menor demanda de traballo provocada polo aumento de poboación<sup>35</sup>, polo bloqueo do sistema foral (Villares, 1982), pola limitación do espazo cultivado e das posibilidades dos novos cultivos como

35. Como xa comentamos, a bisbarra de Bergantiños sitúase, entre 1752 e 1860, segundo o crecemento demográfico, no 3º posto nunha escala provincial de nove grupos.

o da pataca, espallado fortemente dende finais do século XVIII<sup>36</sup> pero que sofre entre 1850 e 1862 a praga da mera, que reduce do 10% ó 3,5% a superficie dedicada a este cultivo<sup>37</sup> (Bouhier, 1979: 788-802). No segundo tercio do XIX asistimos, por outra banda, ó esfarelamento do importante sector do lenzo galego (Carmona, 1990). Hai que indicar, finalmente, que neses anos estaban en pleno auxe os envíos de gando bovino a Inglaterra polo próximo porto da Coruña (Carmona, 1982), que serviría de estímulo para unha tendencia cara á especialización pecuaria, menos demandante de forza laboral. Porén, tamén hai que salienta-la menor presenza de criados entre os emigrantes, en parte porque a súa propia ocupación formaba xa parte das estratexias das familias máis humildes (as xornaleiras), en parte por gozar de maior estabilidade laboral. Finalmente, resulta tamén notoria a ausencia de pobres entre os emigrantes, o que incide na necesidade dunha certa bagaxe tanto económica como cultural para o inicio da travesía ultramarina.

Táboa 21  
Profesión

	Prop.	Labrego	Xornaleiro	Servicio doméstico	Ama de casa	Pobre	Artesán	Comerc.	Empreg.	Total
Total emigrantes	0	4	129	11	3	0	5	1	2	155
Porcentaxe	0,0	2,6	83,2	7,1	1,9	0,0	3,2	0,6	1,3	100,0
Emigrantes Oza e Razo	0	1	66	8	1	0	0	0	0	76
Porcentaxe	0,0	1,3	86,8	10,5	1,3	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0
Poboación Oza e Razo*	6	51	228	163	2	5	15	2	2	474
Porcentaxe	1,3	10,8	48,1	34,4	0,4	1,1	3,2	0,4	0,4	100,0
*Maiores de 14 anos										

Fonte: ver táboa 11.

36. Este tubérculo acada unha importante difusión en Bergantiños, de modo que a mediados do século XIX xa se cultiva no 75%-99% das parroquias. A pataca mellorou máis ben indirectamente a dieta labrega, ó permitir incrementa-lo consumo de carne e touciño dos porcos, alimentados con patacas, e, por outra banda, ó reduci-la cantidade de castañas dedicadas a este mester aumentou a destinada ó consumo humano, Bouhier (1979: 796-797).

37. Unha das variedades que mellor resistiu a praga foi a vermella de Malpica, que se expandiu por outras bisbarras galegas pero que era moi dura e de mal gusto, Bouhier (1979: 799). Sobre a crise de subsistencias de mediados do XIX, Rodríguez Galdo e Dopico (1981).

Unha aproximación á emigración...

En canto ó país de residencia destes emigrantes, ratifícase o comprobado na lista de pasaxeiros da Casa Fernández: o predominio de Montevideo, aínda que unha pequena parte se instala tamén na Habana. Esta elevada concentración xeográfica está relacionada coa existencia de cadeas migratorias locais que facilitan o posterior asentamento de familiares e veciños.

Táboa 22  
País onde se atopa

	Uruguai	Cuba	Arxentina	América do Sur*	Resto	Total
Número	227	43	10	39	6	325
Porcentaxe	69,8	13,2	3,1	12,0	1,8	100,0
*Probablemente en Uruguai						

Fonte: ver táboa 11.

A continuación imos detalla-la procedencia dos emigrantes para tratar de comprobar se existe maior propensión a emigrar nalgunhas das parroquias e se ten algo que ver coa presión demográfica. Vemos como existe unha certa tendencia a que as parroquias con meirande emigración relativa (en relación ós seus habitantes) se correspondan coas de forte densidade de poboación, pero os resultados non son concluíntes. A correlación, como vimos, parece ser máis forte a unha escala aínda inferior, é dicir, no tamaño familiar.

Táboa 23  
Parroquia de domicilio

	Emigrantes	% Emigr./habs.	Densidade
Aldemunde	0	0,0	18,6
Ardaña	58	7,6	94,7
Artes	19	4,3	48,1
Berdillo	17	3,0	60,5
Bértoa	2	0,3	46,7
Cances	8	1,4	45,6
Carballo	14	1,1	170,8
Entrecruces	16	1,7	94,6
Goiáns	0	0,0	77,7
Lema	55	8,9	71,3
Noicela	3	0,5	110,2
Oza	71	10,8	55,5
Razo	12	2,4	48,0
Rebordelos	1	0,3	48,4
Rus	30	2,6	46,8
Sísamo	8	1,4	85,0
Sofán	6	0,4	66,6
Vilela	6	2,4	37,5
Total	326	2,7	64,0

Fonte: ver táboa 11 e Nogueira (1998: 115). Elaboración propia.

Como adiantamos na presentación e co gallo de comproba-la evolución das principais variables migratorias a escala local a longo prazo, imos, a continuación, analiza-los datos para os emigrantes do concello de Ponteceso ó redor de 1930, remate da grande etapa migratoria que se abre en 1860.

Vemos como a emigración segue sendo cousa de homes pero nesta fase, máis avanzada e masiva, a presenza feminina é algo superior.

Táboa 24  
Distribución por sexo dos emigrantes de Ponteceso

	Homes	Mulleres	Total
En 1852-1861	246	101	347
Porcentaxe	70,9	29,1	100,0
En 1928-1931	214	115	329
Porcentaxe	65,0	35,0	100,0

Fonte: AM Ponteceso, *Libro Registro de Emigrantes, 1928-1950*.



Unha aproximación á emigración...

En canto ó destino destes emigrantes, constatamos como segue predominando Uruguai<sup>38</sup>, seguido de Arxentina, o cal parece estar en relación co mantemento e co afianzamento das cadeas migratorias, amosando neste caso un exemplo da súa fortaleza ó longo dun prolongado período de tempo (75 anos).


Táboa 25  
Destino

	Uruguai	Arxentina	Resto de Latinoamérica	Europa occidental	Total
Número	214	102	9	4	329
Porcentaxe	65,0	31,0	2,7	1,2	100,0

Fonte: ver táboa 24.

Se nos fixamos agora no gráfico en que se reflicte a evolución temporal das solicitudes de permiso migratorio, observamos que estas se concentran nos últimos anos dos felices vinte, época de elevado número de saídas ultramarinas, e que se produce unha importante caída por mor do impacto da crise dos anos trinta, que enlazará coas guerras civil e mundial e coa posguerra, que farán case desaparecer-lo fenómeno migratorio.

Gráfico 1  
Emigrantes de Ponteceso



38. Os emigrantes da bisbarra de Bergantiños constituían probablemente o grupo maioritario da colonia galega en Montevideo a principios do século XX, Rama (1992: 124).

En canto á idade dos emigrantes, segue predominando a poboación nova en idade de traballar, o 87,5% ten menos de 40 anos, pero agora apréciase como matiz diferencial a maior importancia relativa dos nenos. Isto estaría en relación co feito de que estamos xa nunha fase avanzada do proceso migratorio na que resulta máis frecuente o reagrupamento familiar alén mar ou mesmo a emigración do grupo familiar. A idade media resulta moi similar á de décadas anteriores, amosando unha importante permanencia tamén neste aspecto.

Táboa 26  
Idade na solicitude

	0-9 anos	10-19 anos	20-29 anos	30-39 anos	40-49 anos	50-59 anos	60-69 anos	70-79 anos	80-89 anos	Total
Número	12	66	130	73	22	10	4	4	1	322
Porcentaxe	3,7	20,5	40,4	22,7	6,8	3,1	1,2	1,2	0,3	100,0
Idade media	28,5 anos									

Fonte: ver táboa 24.

Outro elemento en que se pode tratar de establecer comparacións a longo prazo é na procedencia parroquial dos emigrantes. Se comparámo-las parroquias de onde saen a meirande parte dos emigrantes nun período e noutro, vemos como non existe coincidencia senón máis ben oposición, é dicir, parece que as parroquias con maior emigración inicial van esgotando as súas posibilidades demográficas cara ó futuro e son substituídas por outras como principais subministradoras de candidatos á emigración. O mesmo sucede á inversa. No que atinxe á posible correlación entre emigración e presión demográfica apreciamos como tamén neste caso os resultados son ambiguos, pois en ámbalas etapas existen parroquias de elevada densidade, tanto con baixa como con alta porcentaxe de emigrantes.

Unha aproximación á emigración...

Táboa 27  
Veciñanza

	Nº. emigr. en 1860	% en 1860	% Emigr./habs. en 1860/87*	Densidade en 1887*	Nº. emigr. en 1930	% en 1930	% Emigr./habs. en 1930	Densidade en 1930
ANLLÓNS	27	9,2	6,5	111,6	21	6,5	4,8	118,1
BRANTUAS	6	2	2,3	104,8	25	7,7	7,7	129,2
CORES	21	7,2	2,8	98,5	40	12,3	5,4	97,9
CORME	18	6,1	1,0	127,7	80	24,6	2,5	236,6
COSPINDO	10	3,4	2,2	35,3	28	8,6	5,0	42,9
GRAÑA, A	7	2,4	1,9	97,3	16	4,9	4,2	103,8
LANGUEIRÓN	27	9,2	15,9	30,9	6	1,8	3,0	36,7
NEMEÑO	122	41,6	91,0	26,8	12	3,7	7,2	33,4
NIÑÓNS	8	2,7	3,3	38,5	16	4,9	6,7	38,5
PAZOS	11	3,8	3,0	72,7	13	4	2,8	89,6
TALLO	13	4,4	4,8	40,1	12	3,7	3,6	49,0
TELLA		0	0,0	129,3	47	14,5	4,3	195,5
XORNES	23	7,8	6,7	36,9	9	2,8	2,6	36,8
TOTAL	293	100	4,7	71,2	325	100,0	3,8	97,1

\*1887 é o primeiro censo con repartimento parroquial

Fonte: ver táboa 24 e Nogueira (1998: 160-161). Elaboración propia.

Finalmente, verbo do nivel de instrucción<sup>39</sup>, observamos que mellorou pero que se manteñen certas constantes, como as diferencias por sexos e, o que nos interesa salienta especialmente, entre os emigrantes e o conxunto da poboación, con saldo favorable para os emigrantes, o que corrobora a mellor preparación cultural, sempre relativa, é dicir, nun medio de baixo nivel de instrucción, dos que emprenden a singradura oceánica.

39. Asimilamos saber asinar con saber ler e escribir. Nos datos da poboación total descontámo-los menores de 7 anos. Ó non figurar datos da poboación municipal por idades extrapolámo-la porcentaxe provincial.

Táboa 28  
Nivel de instrucción

	Saben asinar	Non saben	Total
Homes emigrantes	187	20	207
Porcentaxe	90,3	9,7	100,0
Mulleres emigrantes	60	39	99
Porcentaxe	60,6	39,4	100,0
Total emigrantes	247	59	306
Porcentaxe	80,7	19,3	100,0
Homes > 6 anos	2.457	785	3.242
Porcentaxe	75,8	24,2	100,0
Mulleres > 6 anos	2.050	1.826	3.876
Porcentaxe	52,9	47,1	100,0
Total poboación > 6 anos	4.507	2.612	7.119
Porcentaxe	63,3	36,7	100,0

Fonte: ver táboa 24 e *Censo de poboación de 1930. Provincia de La Coruña*.

## CONCLUSIÓNS

Unha vez que chegamos ó final do traxecto cómpre sacar algunhas conclusións sobre a emigración bergantiñá. Primeiramente hai que salienta-la súa precocidade, pois a súa orixe parece remontarse a mediados do século XVIII. En segundo lugar, o seu carácter masivo xa dende datas moi temperás. En terceiro lugar, o predominio e a constancia no tempo de Montevideo como o seu destino preferente. No tocante á procedencia territorial parece existir unha correlación negativa entre emigración e distancia ó mar, pero non está tan clara a correlación coa presión demográfica, aínda que si a escala familiar. En canto á extracción social dos emigrantes, estes proceden maioritariamente dos xornaleiros e, en xeral, do estrato baixo/medio da sociedade rural. Trátase, pois, dunha emigración basicamente de expulsión pero na que os emigrantes contan cunha certa bagaxe económica –produto en parte da solidariedade familiar e veciñal– e, sobre todo, instructiva, en especial en termos relativos, é dicir, en comparación co seu contorno social. A emigración parece incardinarse nas estratexias familiares de supervivencia e non é o resultado dunha decisión meramente individual.

## BIBLIOGRAFÍA


- BOUHIER, A. (1979): *La Galice. Essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agraire*, La Roche-sur-Yon (Vendée), Yonnaise, 2 vols.
- CARMONA, X. (1982): "Sobre as orixes da orientación exportadora na produción bovina galega. As exportacións a Inglaterra na segunda metade do século XIX", *Grial Historia*, I, pp. 169-206.
- CARMONA, X. (1990): *El atraso industrial de Galicia. Auge y liquidación de las manufacturas textiles (1750-1900)*, Barcelona, Ariel.
- CHAYANOV, A. V. (1925): *La organización de la unidad económica campesina*, Bos Aires, 1ª edición, Nueva Visión (empregada a edición de 1985).
- COSTA, A. (1989): *Escolas e mestres. A educación en Galicia: da Restauración á Segunda República*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- EIRAS ROEL, A., (ed.) (1992): *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- EIRAS ROEL, A. e REY CASTELAO, O. (1992): *Los gallegos y América*, Madrid, Mapfre.
- GABRIEL, N. DE (1990): *Leer, escribir y contar. Escolarización popular y sociedad en Galicia (1875-1900)*, Sada, O Castro.
- HATTON, T. J. e WILLIAMSON, J. G. (1998): *The Age of Mass Migration. Causes and Economic Impact*, Nova York, Oxford U. P.
- LISÓN TOLOSANA, C. (1971): *Antropología cultural de Galicia*, Madrid, Siglo XXI.
- LÓPEZ TABOADA, X. A. (1979): *Economía e Población en Galicia*, A Coruña, Rueiro.
- LÓPEZ TABOADA, X. A. (1993): *Arxentina: destino da emigración española e galega no século XIX e primeira década do XX*, Vigo, Unipro.
- LÓPEZ TABOADA, X. A. (1996): *La población de Galicia 1860-1991*, Santiago de Compostela, Fundación Caixa Galicia.
- NOGUEIRA, G. (1998): *A comarca de Bergantiños. Estudio demográfico (1887-1996). O caso particular da parroquia de S. Xoán de Carballo*, A Coruña, Deputación da Coruña.
- RAMA, M. L. (1992): "El seguimiento del fenómeno migratorio en el municipio de Carballo a través de los padrones de habitantes (1860-1920)", en Eiras Roel, A. (ed.) (1992), pp. 123-131.



- RODRÍGUEZ GALDO, M. X. (1993): *Galicia, país de emigración. La emigración gallega a América hasta 1930*, Xixón, Fundación Archivo de Indianos.
- RODRÍGUEZ GALDO, M. X. (1995): *O fluxo migratorio dos séculos XVIII ó XX*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- RODRÍGUEZ GALDO, M. X. e DOPICO, F. (1981): *Crisis agrarias y crecimiento económico en Galicia en el siglo XIX*, Sada, O Castro.
- SAAVEDRA, P. (1996): *Das casas de morada ó monte comunal*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- SÁNCHEZ ALONSO, B. (1995): *Las causas de la emigración española, 1880-1930*, Madrid, Alianza.
- SOLDEVILLA, C. (1999): "La estructura económico-social de las casas comerciales ultramarinas: una vía de emigración selectiva", en *I Encuentro de Historia de Cantabria*, t. II, pp. 983-995.
- VÁZQUEZ GONZÁLEZ, A. (1985): "El problema de la financiación de la emigración gallega a América a mediados del siglo XIX", en *III Congreso de Historia Económica*.
- VÁZQUEZ GONZÁLEZ, A. (1988): "La emigración gallega. Migrantes, transporte y remesas", en Sánchez Albornoz, N. (comp.), *Españoles hacia América. La emigración en masa, 1880-1930*, Madrid, Alianza, pp. 80-105.
- VÁZQUEZ GONZÁLEZ, A. (1992): "Las dimensiones microsociales de la emigración gallega a América: la función de las redes sociales informales", *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, año 7, nº. 22, diciembre, pp. 497-533.
- VÁZQUEZ GONZÁLEZ, A. (1996): "O uso de fontes persoais para o estudio da emigración en Galicia: estado presente e perspectivas", *Estudios Migratorios* nº. 2, pp. 139-176.
- VILLARES, R. (1982): *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Madrid, Siglo XXI.
- VILLARES, R. e FERNÁNDEZ, M. (1996): *Historia da emigracion galega a América*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- YÁÑEZ GALLARDO, C. (1994): *La emigración española a América (siglos XIX y XX)*, Xixón, Fundación Archivo de Indianos.


## ANEXO

Mapa 1  
Procedencia dos emigrantes transportados pola casa de comercio  
Fernández Hermanos de Ferrol, 1858-1867




Fonte: Arquivo Casa de Comercio Fernández Hermanos de Ferrol,  
*Libro Registro de Pasajeros.*

Mapa 2  
Procedencia parroquial dos emigrantes transportados pola casa de comercio Fernández Hermanos de Ferrol nos concellos de maior número de emigrantes (Carballo, Malpica e Ponteceso), 1858-1867



Fonte: Arquivo Casa de Comercio Fernández Hermanos de Ferrol, *Libro Registro de Pasajeros*.


Mapa 3  
Procedencia dos fiadores dos emigrantes transportados pola casa  
de comercio Fernández Hermanos de Ferrol, 1858-1867



Fonte: Arquivo Casa de Comercio Fernández Hermanos de Ferrol,  
*Libro Registro de Pasaxeros*.

### Mapa 4

Procedencia parroquial dos fiadores dos emigrantes transportados pola casa de comercio Fernández Hermanos de Ferrol nos concellos de maior número de emigrantes (Carballo, Malpica e Ponteceso), 1858-1867



Fonte: Arquivo Casa de Comercio Fernández Hermanos de Ferrol, Libro Registro de Pasajeros.



Unha aproximación á emigración...

#### Resumo

##### UNHA APROXIMACIÓN Á EMIGRACIÓN NA BISBARRA DE BERGANTIÑOS A MEDIADOS DO SÉCULO XIX

Alberte Martínez López

Este traballo analiza as características da emigración na zona de Bergantiños durante o terceiro cuarto do século XIX. Nesta emigración primeiramente salienta a súa precocidade; en segundo lugar, o seu carácter masivo xa dende datas moi temperás e, en terceiro, o predominio e a constancia no tempo do seu destino preferente en Montevideo. No tocante á procedencia territorial, parece existir unha correlación negativa entre emigración e distancia ó mar, pero non está tan clara a correlación coa presión demográfica, aínda que si se observa a escala familiar. No que atinxe á extracción social dos emigrantes, estes son maioritariamente xornaleiros.

Palabras clave:

Emigración, Bergantiños, demografía, Galicia.

#### Resumen

##### UNA APROXIMACIÓN A LA EMIGRACIÓN EN LA COMARCA DE BERGANTIÑOS A MEDIADOS DEL SIGLO XIX

Alberte Martínez López

Este trabajo analiza las características de la emigración en la zona de Bergantiños durante el tercer cuarto del siglo XIX. En esta emigración destaca primeramente su precocidad; en segundo lugar, su carácter masivo ya desde fechas muy tempranas y, en tercer lugar, el predominio y la constancia en el tiempo de su destino preferente en Montevideo. En lo que respecta a la procedencia territorial, parece existir una correlación negativa entre emigración y distancia al mar, pero sin embargo no está tan clara la correlación con la presión demográfica, aunque si se observa a escala familiar. En cuanto a la extracción social de los emigrantes, estos son mayoritariamente jornaleros.

Palabras clave:

Emigración, Bergantiños, demografía, Galicia.

#### Résumé

##### UNE APPROCHE DE L'ÉMIGRATION DANS LA RÉGION DE BERGANTIÑOS AU MILIEU DU XIX<sup>e</sup> SIÈCLE

Alberte Martínez López

Ce travail analyse les caractéristiques de l'émigration dans la zone de Bergantiños pendant le troisième quart du XIX<sup>e</sup> siècle. On remarque surtout dans ce phénomène la précocité du fait, en second lieu son caractère massif et ce très tôt, et en troisième lieu la prédominance et la constance dans le temps de la destination préférentielle vers Montevideo. Pour ce qui est de la provenance

territoriale, il semble exister une corrélation négative entre émigration et distance à la mer, mais cependant la corrélation avec la pression démographique n'est pas aussi évidente, bien qu'on puisse la noter à l'échelle familiale. Quant à la provenance sociale des émigrants, il s'agit majoritairement de journaliers.

Mots clés:

Émigration, Bergantiños, démographie, Galice.

Summary

#### AN APPROACH TO EMIGRATION IN THE BERGANTIÑOS REGION IN THE MIDDLE OF THE 19<sup>TH</sup> CENTURY

Alberte Martínez López

This work analyses characteristics of emigration from the zone of Bergantiños during the third quarter of the 19<sup>th</sup> century. This emigration stands out, first of all, for its early commencement, in second place for its massive proportions from very early dates and, in third place, for the consistent predominance of Montevideo as its preferred destination. With regard to territorial origin, there seems to exist a negative correlation between emigration and distance to the sea, but what is not so clear, however, is the correlation with demographic pressure, though this is observed on a family scale. With regard to the social origin of the emigrants, the majority were day laborers.

Keywords:

Emigration, Bergantiños, demography, Galicia.

Currículo

ALBERTE MARTÍNEZ LÓPEZ é profesor titular de Historia Económica na Facultade de Económicas da Universidade da Coruña. As súas liñas de investigación céntranse nos servizos públicos urbanos e na gandería galega. Neste senso as súas publicacións máis recentes e salientables son "Belgian investment in trams and light railways. An international approach, 1892-1935", *Journal of Transport History* (2003); "Las empresas de tranvías en Madrid, del control extranjero a la municipalización, 1871-1948", en *Ferrocarril y Madrid: historia de un progreso* (2002); "La emigración gallega a ultramar: A Coruña, 1858-1867", *Estudios Migratorios Latinoamericanos* (2000); "Perspectiva histórica da gandería galega: da complementariedade agraria á crise da orientación láctea, (1850-1995)", en *Terra e Progreso: Historia agraria da Galicia contemporánea* (2000).